



**XEFE DE SERVICIO DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL DA CORUÑA**

Por medio da presente comunícolle para o seu coñemento e aos efectos oportunos, que o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 17 de xullo do 2007, adoptou o seguinte acordo:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural
D^a Olga M^a García Agra

VOGAIS

En representación do Servizo de Montes e Industrias Forestais

D. José Joaquín Martel Muñoz-Cobos

Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña

D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Vogais representantes da comunidade de San Antón da parroquia de Mántaras e concello de Irixoa

D. Daniel Cagiao Rivas

D. Carlos Crespo Cagiao

125020

SECRETARIA

Xefa do servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural

D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña sendo o día 17 de xullo do 2007, coa asistencia das persoas reseñadas anteriormente agás o representante das comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia quen excusou a súa ausencia, réunese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:

Expediente: nº 398

Monte: das Moas

Comunidade: San Antón

Parroquia : Mántaras

Concello: Irixoa

Superficie: 4,0363 has .

Lindeiros:

Os vértices da poligonal que define o monte, e as súas coordenadas e o plano do levantamento topográfico constan no expediente, xunto coa información dixitalizada do mesmo presentada polos promotores con data 23.12.05 e 17.01.06 .



ANTECEDENTES DE FEITO

1º Don José Manuel Bretón Pardo como presidente da comunidade veciñal do monte en man común de San Antón, na parroquia de Mántaras, concello de Irixoa, expón no seu escrito do 26 de xullo de 2005 presentado ante o xurado, que na assemblea xeral da comunidade celebrada o 30 de abril do 2005 acordouse, por maioría, solicitar a clasificación do Monte das Moas como monte en man común porque esta comunidade desexa o aproveitamento comunitario do monte e responsabilizarse do seu coidado e a súa integridade. Aporta documentación catastral sobre as parcelas que integran o monte e copia da acta da devandita assemblea. (páxs.1-18)

2º A vista da información achegada cando a solicitude, o xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común sinala no seu informe do 6 de outubro de 2005 que non está ben identificado o monte en cuestión polo que solicita o seu levantamento topográfico, requiríndoselle neste sentido ao promotor o 13.10.2005, quen achega a documentación requirida nas datas 23.12.05 e 17.01.06.

3º Completada a solicitude, o xurado na súa reunión de data 2 de febreiro de 2006, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeando como instrutor del a D. Alfonso Vázquez -Castro Garma quen aceptou expresamente o cargo. Procedeuse á correspondente tramitación e librouse o 27.07.2006 mandamento ao Rexistro da Propiedade de Betanzos para que, en cumprimento do disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, expida certificación de asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión .

Así mesmo, e dando cumprimento ao disposto no artigo 23.2 do mentado regulamento, realizáronse o 25 de setembro de 2006 as comunicacións pertinentes do inicio do expediente de clasificación aos promotores; ao Sr. Alcalde do concello de Irixoa; ao xefe de Servizo de Montes e Industrias Forestais aos efectos de aproveitamentos; ao Rexistrador da Propiedade para que realice a correspondente anotación preventiva; e publicáronse edictos no Diario Oficial de Galicia (nº198, do 13/10/2006) e taboleiro de anuncios do concello, donde estivo exposto un mes: dende o 14 de outubro ao 14 de novembro do 2006, así como nos lugares de costume da parroquia, segundo certifica o seu secretario.

4º O Rexistro da Propiedade de Betanzos o 18/09/2006 certifica que no rexistro co nome de Moas ou Monte das Moas aparecen nove fincas que poideran, por razón da súa situación xeográfica, estar afectadas pola declaración do monte veciñal en man común .En virtude da información remitida dase traslado do acordo de inicio do expediente aos titulares rexistrados dos que se ten coñecemento do seu enderezo, e, respecto daqueles dos que non se ten constancia del, por orde do Instrutor, publícase novo edito, tanto no D.O.G (nº 67, do 4 de abril do 2007), como no concello de Irixoa, donde estivo exposto polo período de un mes segundo certificación do seu secretario (desde o 8 de marzo o 9 de abril do 2007, ámbolos dous inclusivos), dando así cumprimento ao disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por outra banda, e respecto das dúas fincas cúa titularidade lle corresponde ao Estado, douse traslado deste expediente ao Mº de Economía e Facenda aos efectos oportunos, quen manifesta por escrito do 18 de xuño do 2007 que respecto da finca nº 515 non figura aberto ningún expediente e, en relación á finca nº 10.607 foi realizada recentemente a súa venda, se ben a súa referencia catastral é diferente ás fincas comprendidas na superficie solicitada para clasificar como veciñal. Por último, e respecto da finca nº 10.279 que, segundo a certificación do Rexistrador da Propiedade, hai enderezos coñecidos e lles corresponde por indiviso a sete persoas e os seus cónxuxes, dase comunicación expresa do inicio do expediente de



clasificación a todos eles, quen informan que a súa finca non está incluída no perímetro do monte a clasificar.

5º O xefe de Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común do Servizo de Montes emite informe con data 13 de novembro de 2006, no que se fai constar que este monte non está inscrito no CUP nin está conveniado nin consorciado. Non se ten referencia algunha do monte polo que descoñécese a titularidade e mailo deslindamento. Tampouco se coñecen antecedentes de posibles reclamacións xudiciais ou administrativas. Por último, e segundo o informe presentado polo do Distrito Forestal II, reflíctense “a ausencia de actos de disposición, así como o estado forestal e que non se pode asegurar se tradicionalmente veñen realizando os membros da xunta promotora e os posibles comuneiros, consuetudinariamente en réxime de asignación de cotas, algún aproveitamento, forestal ou non”.

6º No prazo concedido para a práctica de alegacións, o concello de Irixoa fai constar por escrito de data 17 de outubro do 2006, que no libro de inventarios do concello non aparece ningunha referencia ao monte das Moas (parroquia de Mántaras) como ben de carácter municipal. Tampouco consta información sobre os procedementos e usos para os aproveitamentos do citado monte das Moas.

7º Con data 23 de febreiro do 2007, e de acordo co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estableceuse un trámite de audiencia previa á proposta de resolución a cal foi comunicada tanto aos promotores do expediente como ao concello de Irixoa a fin de que, no prazo de 10 días hábiles, realicen cantas alegacións consideren convenientes na defensa dos dereitos que crean lles asisten e presenten a documentación e xustificacións que estimen pertinentes, comunicándolles, ademais, a oportunidade da vista do expediente.

Durante este trámite o concello de Irixoa, por escrito de 22 de marzo do 2007, remite certificación do acordo da xunta de goberno local quen acordou o 16 de marzo do 2007 por unanimidade o seguinte: “o concello de Irixoa non ten ningún tipo de reivindicación nin interese no monte obxecto de clasificación nº 398, denominado das Moas, sito na parroquia de Mántaras”.

Por outra banda, os promotores por escrito do 13 de marzo do 2007 se ratifican na súa pretensión e achegan certificación do secretario da comunidade do monte veciñal de San Antón en Mántaras no que se indica que “no punto número dous da asemblea da comunidade celebrada o 10 de marzo de 2007 que se tomou por acordo unánime manifestar por escrito diante do Xurado de Montes o carácter veciñal e comunal do monte das Moas dende que temos acordanza e segundo oímos dos nosos maiores xa falecidos. Así mesmo, acordase tamén que os presentes maiores de sesenta anos asinen un documento o que se da lectura confirmando este carácter do monte sendo asinado por doce maiores que están presentes”.

8º Na xuntanza do xurado do 17 de xullo do 2007, D. Daniel Cagiao Rivas e Carlos Crespo Cagiao comuneiros que se presentan en representación da comunidade veciñal da San Antón das Mántaras, ratifícanse na súa pretensión de declarar o monte como veciñal porque así foi aproveitado desde tempos inmemoriais.

9º Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdición e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º De conformidade co contido do artigo 11 da precitada Lei e artigo 19 do seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de Santo Antón de Mántaras, concello de Irixoa, son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1,2 e 3 da Lei 13/89 e 1,2 e 3 do regulamento).

4º Que o monte ven sendo aproveitado en réxime de comunidade polos veciños do lugar ten unha clara demostración no feito de que a xestión do monte está xa realizándose a través dunha asemblea de comuneiros, alomenos, dende o ano 2005 segundo as actas presentadas. Así, na acta datada o 30 de abril do 2005, no punto 4 da orde do día desa asemblea, se fai referencia ao traspaso de documentación xa existente á nova xunta rectora, o que reflicte que hai unha xestión anterior do monte por parte doutros representantes antes dese ano; ademais, na asemblea dese día se están a tratar, debater e tomar varios acordos sobre posibles aproveitamentos do monte como son o estudo da proposta dun circuíto de velocidade nunha parcela do monte, información do estado de contas da comunidade, e a ubicación dun "punto limpo" no monte das Moas que lle solicita o concello de Irixoa, o que supón un recoñecemento implícito por parte do concello da súa condición veciñal. Consta tamén no expediente a declaración asinada polos maiores do lugar de que se aproveitou o monte polos veciños desde que teñen acordanza e polos seus maiores.

Por último, na documentación achegada polo Rexistrador da Propiedade de Betanzos xunto coa correspondente certificación de asentos rexistrados, constan varias fincas sitas no monte das Moas na parroquia de Mántaras do concello de Irixoa nas que algún dos seus extremos lindan co "monte veciñal", "monte comunal" ou "monte común veciñal".

5º Das actuacións obrantes no expediente e, en especial da documentación anteriormente sinalada, dedúcese que o Monte das Moas cumpre coas esixencias legais establecidas para ser clasificado como monte veciñal en man común ao terse acreditado o seu aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos veciños do lugar, reunindo así as condicións esixidas pola Lei 13/1989, do 13 de outubro, de montes veciñais en man común.

En consecuencia, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, a proposta do Instrutor e por unanimidade dos asistentes, este Xurado



ACORDA

Clasificar como monte veciñal en man común o denominado Monte das Moas a favor da comunidade de San Antón da parroquia de Mántaras do concello de Irixoa, coa superficie e características seguintes:

Expediente: nº 398

Monte: das Moas

Comunidade: San Antón

Parroquia : Mántaras

Concello: Irixoa

Superficie: 4,0363 has .

Lindeiros:

Os vértices da poligonal que define o monte, e as súas coordenadas e o plano do levantamento topográfico constan no expediente, xunto coa información dixitalizada do mesmo presentada polos promotores con datas 23.12.05 e 17.01.06 .

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventario de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa ,poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

A Coruña 26 de xullo de 2007

Vº e Prace
A Presidenta do Xurado

Olga Mª García Agra



A Secretaria do Xurado

Amalia Lorenzo Penela

